



PLAN DIGITAL

CEIP “Cidade Vella”

A CORUÑA

[Versión 1.01 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

• Nome:	• CEIP CIDADE VELLA
• Dirección:	• Rúa Ferreiras 1, 15001 A Coruña.
• Telefono e Fax:	• 881960701 881960707.
• Email:	• ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal
• Titularidade:	• Colexio de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
• Niveis que se imparten:	• Educación Infantil e Primaria .
• Horario xeral:	• Xornada continua.
• Horario lectivo:	• de 09:00 a 14:00 horas, de setembro a xuño.
• Horario de comedor:	• de 14:00 a 16:00 horas, de setembro a xuño.
• Act. extraescolares:	• de 16:00 a 18:00 horas, de luns a venres.

ALUMNADO:

Grupo	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	19	15	24	21	20	25	22	23	25
Total alumnos/as	57			136					
	194								

PROFESORADO:

O catálogo de postos de traballo do centro é de 14 mestres/as (máis o director que se atopa en Comisión de Servizos), correspondendo ás seguintes especialidades:

4 Educación Infantil.

5 Educación Primaria.

1 Lingua Inglesa.

1 Educación Física.

1 Educación Musical.

1 Pedagogía Terapéutica.

1 Lingua Francesa.

Contamos, así mesmo, co seguinte persoal docente compartido:

1 Mestra de Relixión Católica. (compartida co Ceip Manuel Murguía).

1 Mestra de Audición e Linguaxe (compartida co Ceip San Francisco Javier).

1 Orientadora (compartida co Ceip Sanjurjo de Carricarte).

1 Mestra de Pedagogía Terapéutica (compartida co Ceip Sanjurjo de Carricarte).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CARACTERÍSTICA SOCIECONÓMICAS E CULTURAIAS:

- A poboación está configurada por familias asentadas dende hai tempo no barrio xunto con residentes máis recentes procedentes de outros pobos, localidades ou barrios da cidade e que soen instalarse nas edificacións máis novas.
- Dende o punto de vista económico e laboral a situación é diversa; habendo familias en que soamente ten traballo remunerado un dos proxenitores e outras nas que traballan ambos.
- Os veciños traballan fundamentalmente no comercio, os servizos e a industria. Os pais e nais do alumnado posúen os estudos elementais ou medios, tendo unha boa parte estudos universitarios.
- Pódese concluír que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio-alto.

RELACIÓN CON OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO:

- Nos últimos cursos o centro está a desenvolver unha liña continuista na formación das novas tecnoloxías da información e a comunicación e xa no curso

escolar 2020-2021 se realizaron dous PFPP (Plan de formación do profesorado), un de creación de videotutoriais e outro sobre a aula virtual. Neste curso 2021-2022, estamos a participar en tres PFPP: Tea e altas capacidades; Proxecto LUPU no Cidade Vella e Plan dixital de centro, que nos axudarán a desenvolver diferentes obxectivos propostos no proxecto educativo de centro.

- No vindeiro curso 2022-2023 o alumnado de 5º de educación primaria comezará a participar no Programa E-dixgal que ampliaremos aos cursos de 5º e 6º de primaria no curso 2023-2024, alcanzando así un dos obxectivos propostos coa chegada da nova dirección e reflectidos no proxecto educativo, buscando que os nenos/as se adapten ao contexto das novas tecnoloxías e se familiaricen con varios entornos de aprendizaxe que se saen do común e os inxire directamente no mundo tecnolóxico.
- Coa realización deste Plan dixital cumplimos co obxectivo principal establecido polo equipo de dinamización das TIC para este curso, como así se recolle na Programación Xeral Anual do centro.
- O Plan Dixital contribuirá de maneira directa á consecución dos obxectivos establecido no Proxecto Educativo e relacionarase cos outros plans nos que participa o centro: Plan Proxecta, Contratos-Programa, PLAMBE ,...

Este plan terase en conta na PXA do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa para a elaboración do plan é a seguinte :

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de dinamización do Plan dixital está formado por tres mestres/as; que organizados nun grupo de traballo participan nun dos PFPP do centro; todos/as estivemos en continua coordinación para a realización do plan, facendo reunións constantes de traballo grupal, de traballo individual e acudindo ás docencias por videoconferencia ás que nos convocaron.

En tódalas reunións se chegaban a acordos e compromisos para seguir coa realización das tarefas propostas (Selfie, CDD...) co fin de axustarse a realidade do centro e realizar o plan axeitado.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:

- A meirande parte dos equipos do centro funcionan con conexión á rede a través de cable, aínda que tamén temos a disposición de todos/as unha rede wifi propia do centro, con varios repetidores de sinal repartidos polo centro, a rede wifi da consellería e para as aulas de 5º e 6º de Educación Primaria a rede Abalar.

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

- Todas as aulas do centro contan cun ordenador, ben de sobremesa ou ben portátil, conexión á rede, proxector e PDI (aínda que non funcionan de forma interactiva en todas as aulas):

- 6 Aulas de Educación Primaria: 6 ordenadores portátiles + 6 proxectores + 6 PDI.

- 3 aulas de Educación Infantil: 2 ordenadores portátiles e 1 de sobremesa + 3 proyectores + 3 PDI.
- Aula de inglés: 1 ordenador portátil + 1 proyector + 1 PDI.
- Orientación: 1 ordenador de sobremesa.
- Aula de Audición e Linguaxe: 1 ordenador portátil.
- Salón de actos: 1 ordenador portátil + 1 proyector + 1 pantalla de proxección.
- Biblioteca: 1 ordenador de sobremesa + 1 proyector + 1 PDI. 3 ordenadores de sobremesa de uso do alumnado.
- Ximnasio: 1 proyector.
- Aula de relixión: 1 ordenador de sobremesa.
- Aula de informática: 10 ordenadores de sobremesa.
- Aula de Pedagogía Terapética: 1 ordenador de sobremesa.
- Despacho de dirección: 1 ordenador portátil.
- Secretaría: 1 ordenador de sobremesa + 1 fotocopiadora con escáner.
- Xefatura de estudos: 1 ordenador portátil.
- Sala de mestras/es: 2 ordenadores de sobremesa + 1 escáner.
- Conserxería: 1 fotocopiadora con escáner.
- 10 Kits (ordenadores portátil acompañado dun router de conexión e Internet sen fíos).
- 3 impresoras de tinta.

O vindeiro curso comezamos co programa E-dixgal en 5º de Educación Primaria (estamos pendentes de que comecen a arranxar o carro de carga, adaptar a rede...).

- Servizos dixitais educativos:
 - Web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/>).
 - Aula virtual (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/aulavirtual/>).
 - Espazoabalar (consulta dos recursos existentes).
 - Abalarmóbil (comunicacións coas familias).
 - E-dixgal: comezamos o vindeiro curso en 5º de educación primaria.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro:

- As incidencias que van xurdindo tramítámolas a través da UAC e a maiores contamos cunha empresa, pagada polo centro, que acoden cando non se resolven as incidencias solicitadas.

- Enlaces a protocolos relacionados coas TIC:

- [Plan de continxencia](#).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	2,9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	3,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	2,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,3				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	14	71,4%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,7	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	53,8	Explorador/a (A2)	77,3	Integrador/a (B1)
EP	67,8	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	7,1%
A2	7	50%
B1	6	42,9%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	14	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de renovación dos equipos informáticos; todo cambio será para mellor. - Solicitado proxecto Edixgal para 5º de Educación Primaria. - Emprego de novos equipos co Programa Edixgal. - Renovación da rede wifi do centro. - O centro conta coa axuda dun técnico informático dúas veces ao mes, como mínimo. - Uso das TIC como un recurso complementario aos usados habitualmente nas aulas ordinarias e nas aulas de PT e AL. 	<ul style="list-style-type: none"> - Equipos informáticos con moitos anos. - Falta de equipamento actualizado. - Aula de informática de tamaño reducido, con capacidade para 12 ordenadores. - Falta de espazos no centro para facer un aula de informática acorde ás necesidades. - Non se pode empregar un ordenador por neno/a na aula de informática. - Equipos e carriño de carga dos netbooks Abalar en estado lamentable (polo trato do propio alumnado nun caso e polo abandono de funcións por parte da uac no outro caso), sen posibilidades de arranxo. - Asistencia técnica insuficiente por parte da administración. - Posible distracción causada polo uso de dispositivos dixitais e que impide unha aprendizaxe adecuada. - Perda de tempo causada polas incidencias técnicas que xurden de forma habitual co uso das novas tecnoloxías; perda de tempo que perxudica o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Maioría do profesorado con destino definitivo no centro. - Boa dispoñibilidade para aprender. - Moi colaboradores/as nas actividades do centro. - Interese por mellorar o ensino-aprendizaxe do alumnado. - Presenza de profesorado con boa competencia dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> - Nalgúns casos, pouca experiencia coas TIC. - Pouco interese en aprender a manexar as tecnoloxías. - Reacios aos grandes cambios. - Ausencia de apoios dentro da aula por falta de profesorado con dispoñibilidade horaria.

	PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Conserve con moitos anos de experiencia no centro. - Presenza de cuidadora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Acomodo á hora de realizar o traballo por levar moitos anos no centro. - Cambio de cuidadora.
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Aulas pouco masificadas. - Bo comportamento en xeral do alumnado. - Académicamente con bo nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> - Pouco alumnado. - Baixa matriculación en 3 anos. - Existencia de alumnado, con necesidades en relación aos saberes básicos, que se pode ver perxudicado a causa dun mal uso ou uso excesivo das novas tecnoloxías. - Alumnado moi novo cuxa prioridade debería ser acadar os “saberes básicos” para posteriormente facer un uso eficiente das novas tecnoloxías.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Boa implicación. - Poucos problemas en xeral. - Colaboración nas actividades solicitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Poucos nacementos. - Familias cun só fillo en xeral. - Falta de apoio por parte dalgunhas familias.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - 9 unidades: 3 de educación infantil e 6 de educación primaria. - Apoio en educación infantil. - Cuidadora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mestres/as compartidos con outros centros. - Pouca dispoñibilidade horaria dos mestres de PT e AL.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Continuidade doutros anos na organización. - Programa Arco. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de documentación. - Poucos programas da consellería.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Tempo para realizar as tarefas administrativas solicitadas. - Comprensión ante a chegada dun novo equipo directivo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Redución de unidades. - Redución de profesorado. - Non aportar os apoios necesarios para ANEAE. - Falta dunha oferta de cursos de formación eficientes e basados na evidencia en relación ás TIC.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade dun mellor desempeño á hora de transmitir coñecementos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrada en vigor da nova lei. - Descoñecemento dos novos currículos. - Falta de tempo para actualizarse e adaptarse. - Continuos cambios de lexislación.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Agradable, pouco tráfico. - Maiormente peonil. - Riqueza cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de parques de xogo. - Poucos espazos deportivos. - Centro concertado moi preto. - Dificultades de circulación/transporte nas saídas.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> - Levan varios anos traballando as mesmas persoas. - Implicación nas actividades do centro. - Propostas de novas actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> - Cambio na presidencia o vindeiro curso. - Varios cambios nos cargos por irse fillos/as do centro.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - O concello aporta actividades como saídas, visitas, excursións... - Posibilidade de realizar actividades didácticas con varias entidades: sinfónica de Galicia; Abanca... 	<ul style="list-style-type: none"> - Concello: moito retraso nas reparacións do centro.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

[Os marcados nas táboas elaboradas de cara ao Plan de Acción, e que se detallan a continuación]

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura	Puntos de	Falla o WIFI.	Ter mellor conexión en

	conexión WIFI.		todo o centro.
Equipamento	-10 ordenadores de sobremesa. - 6 ordenadores portátiles. 6. - 5 PDI.	Obsoletos de 2009. Obsoletos de fai entre 7 e 10 anos. Hai aulas nas que non funcionan de forma interactiva.	Actualización deses medios informáticos das aulas e outras instancias.
Servizos dixitais	Necesidades de E-Dixgal.	Fumos seleccionados para comezar o vindeiro curso	Comezar o curso que vén cos medios necesarios par a levar a cabo o proxecto E-dixgal.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS.						
1. OBXECTIVO :	Dotar á aula de informática de equipos e material, para poder traballar por parellas.				Acadado	
RESPONSABLE :	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Dotación de 14 ordenadores instalados e equipados para a aula de informática.					
Valor de partida	10 ordenadores existentes.					
Valor previsto e data	14 ordenadores equipados e operativos nas aulas.			Primeiro trimestre curso 2022-2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Mercar ordenadores para cubrir as necesidades.	Dirección	1º trimestre	Solicitud de equipamento. Recursos económicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Poñer en funcionamento os novos equipos e actualizar os existentes.	Equipo TIC	1º trimestre.	Equipamento da aula de informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS						
2. OBXECTIVO:	Dotar á aula de informática dun ordenador para o profesor, conectado a un proxector e a unha PDI.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC e dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Obtención e instalación dun equipo completo pc docente e PDI.					
Valor de partida	0/ Non existe este material na aula.					
Valor previsto e data	1/ Instalación dun pc para o docente + PDI.			1º trimestre.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Solicitar á consellería o equipamento ou a dotación correspondente.	Dirección	2ª quincena de setembro.	Solicitud.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Adquisición e posta en funcionamento do material indicado.	Dirección + Equipo TIC	1º trimestre.	Selección do equipamento. Recursos económicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
3. OBXECTIVO :	Que o profesorado utilice habitualmente 3 ferramentas interactivas básicas no proceso de ensino/aprendizaxe (por exemplo: Aula Virtual, Abalar e outras...)				Acadado	
RESPONSABLE :	Equipo directivo + Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 60% utiliza habitualmente estas ferramentas.					
Valor de partida	10% utiliza habitualmente estas ferramentas.					
Valor previsto e data	50% utiliza habitualmente estas ferramentas.			1º trimestre do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Posta en común das aplicacións básicas que serán manexadas polo profesorado.	Equipo TIC	2ª semana de outubro	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación de grupos de traballo rotatorios para a formación no uso das 3 aplicacións.	Dirección + Equipo TIC	Fin do 1º trimestre	Profeosrado. Espazos e pc’s conectados a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Iniciación na implemtación do uso de ditas aplicacións para a creación de actividades interactivas.	Equipo TIC Profesorado	Final do 3º trimestre	Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
4. OBXECTIVO:	Que o profesorado utilice habitualmente e de xeito efectivo a web do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección + Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	75% do profesorado accede, utiliza e actualiza o espazo web.					
Valor de partida	0 PPFPP sobre o uso da páxina web.					
Valor previsto e data	1 PPFPP para formar ao profesorado para aprender usar a páxina web do centro.			Todo o curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar ao CFR un PPFPP de formación sobre as TICS	Equipo directivo	Outubro	Convocatoria solicitude.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Valoración da efectividade do PPFPP sobre a utilización da páxina web do centro.	Equipo TICS	Xuño	Enquisa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

- **Avaliación procesual:** unha vez ao trimestre. Valorarase:
 - ◆ O estado da execución das accións,
 - ◆ A análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- **Avaliación final:** unha vez ao ano. Valorarase:
 - ◆ Logro dos obxectivos.
 - ◆ Propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do plan farase a través da páxina web do centro; quedando unha copia a disposición da Comunidade Educativa, na secretaría do mesmo.

Este plan foi comunicado ao claustro e aprobado polo consello escolar na reunión celebrada o día 29 de xuño de 2022. E para que así conste asino o documento.

O director.

Marcos Bóveda González.